



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Descrición decreto: CONTRATACIÓN DO PROCESO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE PROFESOR-CONSERVATORIO COMO PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE ARZÚA (EXPTE TEDEC 2024/E001/000016)

DON XESÚS XOÁN CARRIL RAMOS, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

En execución do procedemento de consolidación de emprego enmarcado dentro da oferta de emprego público do Concello de Arzúa para o ano 2021, aprobada mediante decreto da Alcaldía de data 23 de decembro de 2021 (BOP no 248 de 30/12/2021) apróbanse estas bases para a cobertura dunha praza de profesor-conservatorio como persoal laboral fixo do Concello de Arzúa.

Visto o Bop nº 36 de 22/2/2023 Aprobación das bases e convocatoria de procesos de selección prazas OEP 2021 estabilización de emprego temporal .

Visto o extracto da convocatoria no «Diario Oficial de Galicia» número 192, de 9 de outubro de 2023.

Vista a Resolución de 11 de abril de 2024, del Ayuntamiento de Arzúa (A Coruña), referente a la convocatoria para proveer varias plazas. (BOE N.º 97 do 20 de abril de 2024)

Visto que o día 02/07/2024 saíu publicado no taboeiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa a listaxe provisional de admitidos e excluídos e a causa de exclusión.

Visto o decreto nº 870/2024 do 25/11/2024, onde se publicou a listaxe definitiva de admitidos e excluídos , composición tribunal e data de baremación de méritos.

Visto o anuncio da acta de data 02/12/2024 para a provisión DE **DUNHA PRAZA DE PROFESOR-DIRECTOR DO CONSERVATORIO COMO PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE ARZÚA** GRUPO I INCLUÍDA NA OEP 2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, PUBLICADA NO BOP DE A CORUÑA DE 22 DE FEBREIRO DE 2023, e visto que aos aspirantes dispoñen dun prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa, da cualificación baremación de méritos do concurso para formular as alegacións que consideren oportunas. e visto que rematou o prazo para subsanacións ou alegacións a proposta provisional en esta especialidade publicadas neste anuncio elevouse a definitiva.

Visto o decreto N° 927/2024 de data 10/12/2024 no que se solicita o candidato seleccionado deberá chegar ao Departamento de Secretaría, no prazo de 10 días contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de anuncios, a seguinte documentación:

- 1.–Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.
- 2.–Declaración expresa de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- 3.–Declaración expresa de no estar incurso en causa de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.

E, visto que D. JESUS ALBERTO GARCIA MEDRAÑO en data 16/12/2024 presentou a documentación requirida en prazo.

En uso das facultades outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985 Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO- Contratar no posto de profesor-director do conservatorio como Laboral fixo a Jesús Alberto García Medraño tendo en conta o disposto nas bases da convocatoria e as puntuacións totais:

SEGUNDO-Conformar unha lista de reserva de prelación de aspirantes nas seguintes especialidades ordeada segundo as calificacións finais do proceso selectivo segundo o disposto nas bases reguladoras do proceso selectivo e tendo en conta os criterios de desempate no caso de empate nas puntuacións finais segundo os criterios contidos na Base decimoterceira,:

Nº	APELLIDOS	NOME	DNI	Baremación CONCURSO		
				Méritos profesionais	Outros méritos	TOTAL
1	SANTALICES BLANCO	MIGUEL EMILIO	***8231**	0	10	10
2	LOPEZ CARRETERO	LAURA	***8105**	0	10	10

TERCEIRO- As condicións económicas do contrato serán as da praza de profesor-director do conservatorio (Grupo I) previstas no orzamento do Concello.

CUARTO-Notificar esta resolución o interesado, así como o Departamento de persoal do Concello de Arzúa para que se proceda a sinatura do contrato e alta na seguridade social .

QUINTO-Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello este decreto (<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/informacion>)

ARZÚA, asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe

O Alcalde
Asdo: XOAN XESUS CARRIL RAMOS.

Dou fe, o secretario
Asdo: ALFONSO MANUEL ALCALÁ PÉREZ

